A Historia da Literatura Galega 13

# Galicia no arranque do século XX




La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- Un proxecto editorial de Era Publicaciones, S.L.
- Coordinador xeral: José Antonio Ponte Far

**Textos:** M.ª Luz Ínsua Ramil, M.ª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

**Corrección lingüística:**
M.ª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

**Deseño:** M. Malvido
**Maquetación e montaxe:**
M.ª Teresa Puga, María G. Grandal
**Produción:** Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Victoria García-Lastra, Rebeca Zapata, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez e Nieves G. Centeno.
**Fotografía:** Octo Gráfica

**Agradecementos:** Real Academia Galega, Concello de Cambados, Museo de Pontevedra, Arquivo da Emigración Galega, Fundación Vicente Risco e Colección Caixanova

**Edita:** © Era Publicaciones, S.L.
**© desta edición:** La Voz de Galicia, S.A.

**Imprime:** Imprenta Mundo
**Depósito Legal:** C 1603-2010
**ISBN:** 978-84-96561-36-6

A Historia da
Literatura Galega 13

# Galicia no arranque do século XX

La Voz de Galicia

# ÍNDICE



O éxodo migratorio vivido en Galicia foi clave nos comezos do século XX



# CONTEXTO ECONÓMICO, POLÍTICO E SOCIAL 1

Ao longo do século XIX, en Galicia viviuse unha situación económica e social moi pouco favorable. A continua emigración, debida á pobreza existente e á falta de mellores perspectivas de progreso, así como a hexemonía social da fidalguía e do clero sobre unha burguesía case inexistente, cos consecuentes privilexios e abusos sobre o pobo, fixeron desta terra galega unha das máis pobres dentro dunha España tamén moi atrasada respecto dos países europeos do noso redor.




Cuba é un dos principais destinos da emigración nestes anos. Na imaxe, postal enviada desde A Habana

O século XX comeza cunha boa noticia para as letras galegas: fúndase, en 1906, a Academia Galega, grazas á iniciativa do ferrolán Fontenla Leal e de Curros Enríquez, emigrantes na Habana. A idea fraguouse en Galicia, concretamente na Coruña, na tertulia que algúns intelectuais mantiñan na librería La Cueva Céltica, rexentada por Uxío Carré Aldao, que logo sería o primeiro secretario da institución académica. O primeiro presidente foi Manuel Murguía e o primeiro boletín que publican é de abril de 1906. A Academia Galega é a culminación dun proxecto que se viña fraguando con máis empeño que éxito desde vinte ou trinta anos antes.

Os primeiros anos do século XX, con todo, non invitan ao optimismo, desde o punto de vista lingüístico e literario. Prodúcese, de feito, un baixón respecto da brillantez da época do Rexurdimento. Hai menos interese por estas cuestións, pero, non obstante, desenvólvese unha maior concienciación social e política entre as clases populares. É a etapa denominada por algúns historiadores e literatos como agrarista, que culminará coa fundación das Irmandades da Fala (1916). En efecto, cara a 1907 (data da fundación da asociación agraria Solidariedade Galega) adquire un gran pulo na sociedade rural galega o movemento agrario. Como consecuencia, o campesiñado consegue unha serie de logros moi favorables, como o acceso á propiedade da terra e a redención de pagar foros de arrendamento, bastante antes de que o Goberno español do ditador Primo de Rivera o



Nos primeiros anos do século XX desenvólvese o movemento agrario, grazas ao que o campesiñado consegue algunhas melloras


OS AMIGOS DA FALA

NA CRUÑA

O amor pol-a terra é o formento da sua dinificacion e progreso.

Cada terra seu uso, cada roca seu fuso.

Pobo que recobra a sua fala, recobra tamen o seu espiritu.

O Estado é obra dos homes; a nacionalidade, de Deus.

O señor Xerardo Roque foi decrarado irman dos Amigos da fala, tendo en conta as suas condiciós de bon galego, na xunta do Consello do dia [illegible] de Nadal de 1917

Rogamos ás demais irmandades de Galicia que no caso de que fose mèster, lle garden as consideraciós de tal irmán.

Na Cruña, á 14 de Nadal de 1917

O Segredario, O Conselleiro 1.º

A. Vilar Ponte

IRMANDADE DA FALA A CRUÑA

Carné das Irmandades da Fala da Coruña asinado por Vilar Ponte

ordenase por medio da Lei de redención de foros, en 1926. O movemento agrario deses anos, que conta con represalias na súa traxectoria e vítimas mortais entre os seus membros, facilitou o inicio dunha modernización na agricultura, todo iso favorecido pola paulatina desaparición da clase fidalga e rentista. Por outra banda, e á par do que sucede noutros lugares de España, apréciase o arranque dunha tímida industrialización, coa consecuente aparición dunha pequena burguesía industrial e financeira, formada ao redor da industria conserveira, da construción naval e dos negocios relacio-

nados coa emigración, co esperado incremento poboacional das cidades. Así, a poboación urbana pasa do 9,9% do ano 1900, ao 13,5% de 1930. E a poboación que traballaba na industria pasa do 5,9% ao 14,7% nas mesmas datas. É dicir, nun período de 30 anos, a situación cambiou para mellor.

De todos os xeitos, non hai que esquecer que, desde finais do século XIX, Galicia, por moi distintas razóns entre as que ocupa un lugar importante a crise agrícola que viviu toda Europa, é unha terra pobre e sen demasiadas esperanzas de progreso, o que se traduce nun éxodo migratorio moi elevado, como non se coñeceu ata entón. Hai que ter en conta que en Galicia, entre 1911 e 1930 emigraron do país 733.176 persoas, dun total de poboación que roldaba os 2.200.000 habitantes.




Entre 1911 e 1930 emigraron de Galicia máis de 730.000 persoas. Na imaxe, embarque na dársena da Marina (A Coruña)

## Os amigos da fala

→ *Os amigos da fala. La reunión de ayer.* Este é o título da crónica publicada o 19 de maio de 1916 en *La Voz de Galicia* e que relata a xuntanza que marcou a constitución das Irmandades na Coruña. A continuación, reprodúcense algúns dos parágrafos da nova:

«Ayer, ha sido constituida en el local social de la Academia Gallega la Hermandá de Amigos d'a Fala. Al acto, que resultó de una sencilla sobriedad, realmente admirable, concurrió un grupo de entusiastas de las cosas de nuestra región. [...] Luego diose lectura a los Estatutos por los que habrá de regirse la Hermandá de Amigos d'a Fala, que fueron discutidos y aprobados con gran entusiasmo, después de darle la forma definitiva. Dichos Estatutos, verdaderamente sencillos, constituyen el germen de futuras grandes obras. Puede asegurarse que ayer quedó colocado el cimiento de la anhelada afirmación regional. Finalmente se procedió a la elección del Consejo directivo anual que ha quedado constituido de la forma que sigue:


19-MAY-1916

LA REUNION DE AYER

# OS AMIGOS DA FALA

Artigo publicado en *La Voz de Galicia* con motivo da constitución das Irmandades da Fala

Conselleiro 1.°, Sr. Vilar Ponte; Conselleiro 2.°, Sr. D. Antonio Valcárcel; secretario, D. José Lamas; tesoureiro, Sr. Iglesias Roura, y vocales, Srs. Faginas y Fernández Mouriño.

Cambiáronse impresiones sobre los primeros trabajos que se impone realizar; sobre el modo de federar cuantos grupos se organicen en Galicia –algunos ya están iniciándose– y sobre la publicación de un manifiesto, entre otras varias cosas muy oportunas y de verdadero interés. También se acordó rogar a todos los periódicos gallegos que en sus columnas publiquen de vez en cuando, con la mayor frecuencia posible, trabajos en nuestro idioma, en verso y prosa. Por su parte, los asociados, deberán usar entre ellos el gallego, lo mismo que todas las cartas que dirijan a sus amistades. Cada seis meses los Amigos d'a Fala celebrarán concursos privados de toda clase de trabajos en la lengua nativa, en los cuales se premiará con el título de «Mestre» a aquel

que mayores méritos reúna. Haránse también excursiones de campo, de íntima fraternidad. Tal es, en síntesis, lo más esencial de cuanto se acordó ayer en solemne reunión que nos ocupa, y que ha sido un acto realmente consolador».

As Irmandades da Fala creáronse para a defensa, dignificación e cultivo do idioma, pero a súa traxectoria truncouse co estoupido da Guerra Civil no 36. Os seus membros máis salientables foron os irmáns Vilar Ponte, Losada Diéguez, Vicente Risco e Ramón Cabanillas, entre outros. Manuel Lugrís Freire redactou o himno orixinario das Irmandades:

*Na fala gallega vive*
*a ialma da nosa terra;*
*a redención de Galicia*
*nos seus acentos latexa.*

*Pobo que o seu verbo esquece*
*é traidor á natureza;*
*como irmáns todos falemos*
*a nobre fala gallega.*

A soada frase de Castelao de que «o galego non protesta, emigra», atopa pleno sentido neste panorama.

Politicamente, Galicia segue estreita e puntualmente unha política uniformadora deseñada para toda España desde o Goberno central de Madrid. Pero aquelas ideas rexionalistas de finais do século XIX, cuxo principal portavoz foi Alfredo Brañas, renacen agora con brío da man das Irmandades da Fala, organización que protagonizará o paso do galeguismo histórico ao nacionalismo máis reivindicativo. Baixo o impulso de Antón Vilar Ponte, a primeira das Irmandades da Fala naceu na Coruña en 1916 e con-



A poboación urbana pasa de ser un 9,9% no 1900 a un 13,5% no 1930. Imaxe de Muxía de principios do século XX



— Yo soy agrario

— Vaites, vaites... pois non se lle conoce.

Debuxo de Castelao titulado *Yo soy agrario* pertencente á Colección Caixanova





Antón Vilar Ponte (á dereita) é o impulsor das Irmandades da Fala e máis tarde Vicente Risco (á esquerda) consegue consolidar este movemento. Retrato cedido pola Fundación Vicente Risco

tará co xornal *A Nosa Terra* para divulgar a súa ideoloxía polo territorio urbano e rural galego. Ten como obxectivo prioritario a defensa, exaltación e fomento do idioma galego. A liña política a seguir establecerase na primeira asemblea, celebrada en Lugo en 1918, e concrétase en tres puntos básicos: a) organización federal do Estado, con plena autonomía para Galicia; b) reformas sociais e económicas; c) cooficialidade da lingua galega, por ser o idioma propio de Galicia. Coa incorporación a este movemento dun grupo de mozos ourensáns (Vicente Risco, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas e Losada Diéguez), afiánzase o seu peso intelectual e oriéntase o traballo da organización cara ao campo da cultura, nun intento de desenvolver unha cultura galega, cun selo propio nos campos da ciencia, da arte, da filosofía e da literatura.

Con estes precedentes, non resulta estraña a creación, en 1931, do Partido Galeguista, unha síntese de trinta e dous grupos nacionalistas, coa pretensión de facer coincidir a actuación cultural coa política. O seu ideario defendía o dereito de autodeterminación, aínda que aceptaba a autonomía sempre e cando estivese incardinada nun Estado federalista. Este partido tería un notable



protagonismo na redacción do Estatuto de Autonomía, referendado pola poboación, pero que non chegou a ser aprobado polas Cortes da II República, porque foi presentado ante as mesmas tres días antes do levantamento militar contra a orde constitucional. A súa aprobación polas Cortes lograríase en 1938, logo dun intenso traballo de Castelao neste sentido.



A agricultura vaise modernizando lentamente nesta época

## *A Nosa Terra*, a bandeira ergueita

→ *A Nosa Terra* naceu como o medio de comunicación das Irmandades da Fala co subtítulo de *Boletín decenal. Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas de América e Portugal*, aínda que esta cabeceira xa fora utilizada por Solidariedade Galega en 1907. Tiña a súa redacción situada no Cantón Grande, en concreto, no despacho do poeta Xosé Iglesias Roura e o seu primeiro número viu a luz na Coruña o 14 de novembro de 1916. Precisamente, neste primeiro exemplar, o director de *A Nosa Terra*, Antón Vilar Ponte asinaba un artigo editorial publicado na primeira páxina e que titulou *A bandeira ergueita*, no que poñía de manifesto os ideais desta publicación e das propias Irmandades, como eran o forte compromiso lingüístico e un primixenio acento nacionalista: «Toda a nosa personalidade está na nosa lingua», «Os amigos da Fala seremos, pois, sempre os cardadores do lume sagrado da patria

Portada de *A Nosa Terra* que recolle o seu ideario

galega», «Hai, pois, unha política para nós: a gran política da lingua», «Este boletín é de tódolos galegos. A súa dona é Galicia enteira. Non ten outra. Polo mesmo as súas follas serán dinas de se coleccionar. Perpetuarán o pensamento dunha época». En 1917, *A Nosa Terra* contaba con 2.000 subscritores.

Nas páxinas de *A Nosa Terra* escribirían voces tan destacadas como Luís Porteiro, Xoán V. Viqueira, Losada Diéguez, Ricardo Carballal, Iglesias Roura, etcétera. Amado Carballo e Manuel Antonio deron a primicia da súa obra poética nesta publicación. Ademais de Vilar Ponte foron directores de *A Nosa Terra* Víctor Casas, Alexandre Bóveda, Aquilino Iglesia Alvariño e Ramón Suárez Picallo.

A partir de 1932 converterase no Semanario do Partido Galeguista e o lugar de edición pasará da Coruña a Pontevedra e de aquí a Santiago de Compostela.*



Na primeira parte do XX arranca a industrialización galega, sobre todo arredor da industria conserveira e da construción naval

Por outra, aquel grupo de intelectuais reunidos ao redor das Irmandades da Fala acabarán adquirindo un peso propio no escenario cultural –tamén político– de Galicia, e coa creación da revista *Nós*, fundada en Ourense en 1920; exercerán unha grande e positiva influencia nos ámbitos artísticos e literarios. Aos nomes xa citados anteriormente, habería que engadir agora a presenza importantísima de Castelao, artista polifacético e home dunha gran talla intelectual e política. Coa

afortunada presenza do que se daría en chamar Xeración Nós ou Grupo Nós, Galicia vive unha etapa de gran esplendor e a literatura, en particular, brillará con luz propia, especialmente en campos ata agora pouco atendidos como o ensaio, a prosa científica, o teatro e a narrativa.

Para completar este panorama cultural do primeiro terzo do século XX, non podemos deixar de mencionar o nacemento da terceira grande institución da época de preguerra: o Seminario de Estudos Galegos, creado na casa de Rosalía de Castro, en Ortoño, en 1923. Constituído inicialmente por nove membros (Fermín Bouza Brey, Lois Tobío Fernández, Ramón Martínez López, Wenceslao Requejo Bouet, Xulián Magariños Negreira, Xosé Pena e Pena, Francisco Romero de Lema, Alberte Vidán Freiría e Xosé Filgueira Valverde), a nómina de colaboradores foi medrando, así como o seu empeño en conseguir un centro de investigación científica dedicado ao estudo da realidade social, histórica e cultural de Galicia.

### O movemento obreiro

Coa formación de núcleos industriais nalgunhas cidades galegas, como A Coruña, Vigo e Ferrol, aparecen as primeiras organizacións de obreiros, inspiradas na teoría da primeira

Internacional. En calquera caso, e dado que a maioría da poboación traballadora se dedicaba á agricultura e á pesca polo escaso desenvolvemento da industria en Galicia, o movemento obreiro non tivo demasiada incidencia.




*Antes si que había política* é o título desta ilustración de Castelao. Colección Caixanova

La Voz de Galicia

HOY SE VOTA EL ESTATUTO GALLEGO

UN MOMENTO SOLEMNE DE LA HISTORIA REGIONAL

FE EN EL PORVENIR

Precursores y continuadores

El territorio y la población rural de Galicia

Este número ha sido visado por la censura

Primeira páxina de *La Voz de Galicia* que anuncia a votación do Estatuto de 1936


## 1.1. A II República (1931-1936)

Ao final deste período ao que dedicamos esta entrega histórico-literaria, chega un período moi prometedor para o pobo español e, polo mesmo, para o galego.

## A revista *Nós*

→ «*Nós* ha ser a afirmación pra sempre do verdadeiro ser de Galizia, do Enxebrismo, no que ela tén, debe e quere persistire. O Enxebrismo é a nosa orixinalidade específica, a nosa capacidá de creación, o noso autóctono dinamismo mental». Así se definía o espírito da revista *Nós* no seu primeiro número que saíu á rúa o 30 de outubro de 1920 impulsada por Vicente Risco, co obxectivo de dignificar a cultura galega enxalzando as súas raíces e conectándoa directamente con Europa e as vangardas artísticas que estaban no seu auxe.


A revista *Nós* naceu co obxectivo de dignificar a cultura galega conectándoa coas vangardas europeas




Na revista *Nós* publícanse traballos sobre arte, xeografía, historia, etnografía, política, arqueoloxía, lingüística, literatura e filoloxía, etcétera. Esta publicación, cuxo subtítulo rezaba *Revista mensual da cultura galega, órgao da Sociedade Galega de Pubricacións Nós*, estaba escrita integramente en galego, incluída a súa publicidade, e editouse ata 1936.

«Os colaboradores de *Nós* poden ser o que lles pete [...] con tal de que se poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, o desexo colectivo de superación e a orgullosa satisfaición de seren galegos». Esta frase forma parte da declaración preliminar do primeiro número. Vicente Risco era o director de contidos da publicación e Castelao era o director artístico. Ademais, tamén destacaron nas súas páxinas Otero Pedrayo, López Cuevillas e Losada Diéguez, entre outros. Todos serían coñecidos como a Xeración Nós.

Isabel García Piqueras en *La Revista Nós y el vínculo atlantista* explica que os autores de *Nós* prefiren, fronte ao gusto literario, o estudo de temáticas próximas á arqueoloxía, o folclore ou a etnografía, centradas nun fundamento céltico presente na personalidade galega. «Para eso conxugarán dous procesos fundamentais: enxebrismo e europeización, referidos á cultura galega, a través dun atlantismo celtista», una cultura compartida con pobos como o bretón, o irlandés...





Publicidade de *A Nosa Terra,* voceiro das Irmandades da Fala

Tanto desde o punto de vista político, como social e cultural, a poboación espera que os problemas que na vida española viñan arrastrando desde a Restauración borbónica empecen a atopar solución co novo réxime republicano. Con todo, os anos deste gran cambio coinciden no ámbito internacional cunha situación de depresión económica e gran axitación social, causadas pola crise mundial de 1929, que dificultarán excesivamente a resolución dos problemas máis inminentes e que, polo contrario, facilitarán o ascenso de réximes de corte fascista en Europa.

Coa chegada da II República o nacionalismo galego inicia un proceso de converxencia políti-

ca que consegue unificar baixo as siglas do Partido Galeguista (PG) a diversas asociacións republicanas e galeguistas. Castelao, Bóveda e os intelectuais da Xeración Nós serán os principais representantes deste movemento político. De todas as maneiras, convén sinalar que o Partido Galeguista non era un bloque pechado e homoxéneo, pois nel convivían, polo menos, tres tendencias con matices políticos diferentes: os conservadores, que non eran partidarios de mesturarse coa esquerda, especialmente coa marxista, entre eles hai que incluír a Risco, Otero Pedrayo e Filgueira Valverde; os de esquerdas, favorables á unión e alianza con todos os partidos progresistas do Estado, e aquí atopábanse as posicións de Castelao e Bóveda, principalmente; e os partidarios da independencia total, que eran minoría no partido. Pero, a pesar das diferenzas internas e dos posicionamentos diferentes, todos eles colaborarán activamente na campaña do referendo a favor do Estatuto de Autonomía, aprobado no ano 36, logo de ser elaborado con rigor polos homes do Seminario de Estudos Galegos.



A aprobación do Estatuto de Autonomía no 1938 foi froito, entre outros aspectos, do intenso traballo de Castelao. Busto do intelectual en Rianxo

## O Seminario de Estudos Galegos

→ Nun emprazamento cun alto nivel simbólico, na que fora a casa de Rosalía de Castro en Ortoño (Ames), coñecida como a Casa da Tarroeira, un conxunto de mozos universitarios fundaron o 12 de outubro de 1923, ano do golpe militar de Primo de Rivera, o Seminario de Estudos Galegos (SEG). As súas motivacións, segundo deixaron patente, eran coñecer a súa terra e unificar os seus traballos nun labor colectivo, humilde e xeneroso, para a exaltación da cultura galega.

Nos seus doce anos de vida activa, xa que a súa actividade se truncou co estoupido da Guerra Civil, o SEG estivo estruturado en doce seccións, que abordaban case todas as manifestacións da cultura galega, atendía á formación de investigadores cunha perspectiva interdisciplinar, e ocupábase da divulgación científica. Entre outras salientables iniciativas, a sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas do SEG elaborou o anteproxecto do primeiro Estatuto de Autonomía para Galicia.

As doce seccións do Seminario de Estudos Galegos e os seus presidentes foron as seguintes: Filoloxía (Armando Cotarelo Valledor), Arte e Letras (Castelao), Etnografía (Vicente Risco), Historia (Cabeza de León), Prehistoria (Florentino López Cuevillas), Xeografía (Otero Pedrayo), Historia da Arte (Xesús Carro), Historia da Literatura (Xosé Filgueira Valverde), Pedagoxía (Díaz Rozas), Ciencias Aplicadas (Manuel Gómez Román), Ciencias Naturais (Luis Iglesias), e Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas (Lois Tobío).

En 1944, el Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, dependente do CSIC, tomou o relevo do labor codificador da cultura e da ciencia que ata 1936 fixera o Seminario de Estudos Galegos.*




Placa que recorda o emprazamento do Seminario de Estudos Galegos en Ortoño (Ames)

La Voz de Galicia

DE LA GUERRA EUROPEA

La lucha se generaliz

Sangrientos combates por mar y por tierra.-La sensacional noticia de un combate en el mar del Nort
Los alemanes derrotados.-La toma de Lieja.-Penetran los alemanes en Francia.-Los belgas comienzan
á cejar.-Ofensiva rusa.-¿Ruptura con Italia?

LOCURA BÉLICA

OPERACIONES NAVALES

Espantoso combate naval en el Mar Norte

LA INGLESA

LA ALEMANA

OTRAS NOTICIAS

Primeira páxina de *La Voz de Galicia* con data 8 de agosto de 1914 que dá conta dos avances da Gran Guerra

# POETAS DA ÉPOCA DA GRAN GUERRA 2

Hai unha serie de poetas que serven de ponte entre a xeración das grandes voces líricas do Rexurdimento e as novas correntes que traen a época Nós, por unha banda, e os vangardismos europeos, por outra. Publican as súas obras máis notables ao redor do comezo da Primeira Guerra Mundial. Os máis salientables son Leiras Pulpeiro, Noriega Varela e moi especialmente, Ramón Cabanillas. Os dous primeiros prolongan as estéticas decimonónicas remozadas con algún toque modernista, pero será o último quen, sen dúbida, alcanza máis calidade poética e quen está máis preto da nova poesía da xeración seguinte.

## 2.1. Manuel Leiras Pulpeiro

**A Leiras Pulpeiro foille dedicado o día das Letras Galegas do ano 1983.**

Natural de Mondoñedo (1854), médico de profesión, só publicou en vida un libro de poemas, *Cantares gallegos* (1911), que está máis preto da poesía decimonónica que da que cabería esperar dese momento. Sentimentalismo e costumismo, capacidade versificadora e un delicado humanismo é o máis reseñable dese libro. En 1983 publícase a última versión das súas *Obras completas*, a cargo do profesor Alonso Montero, con numerosos escritos que se publicaron ao longo dos anos e que nos ofrecen un gran interese lexicográfico. Entre eles, hai un poema, que o citado profesor data sobre o ano 1900, que mostra un carácter reivindicativo e ata revolucionario de Leiras Pulpeiro, nunha liña de compromiso que entronca coa máis xenuína de Rosalía e Curros. O poema é este:




*Obras completas* de Manuel Leiras Pulpeiro publicadas pola editorial Nós en 1930

**¡Non o sei!**

*Sin millo o cabozo,*
*i o leito sin lairas,*
*sin cartos a hucha,*
*i a corte sin rés...*

*¿Qué agardan os probres,*
*que a fouce no-abranguen,*
*i a súa, ben feita,*
*non fan dunha vez...!*

*Se calan, nin coiro*
*lles deixanos fartos;*
*se piden xusticia,*
*no-os ouza ninguén...*
*¿Qué agardan os probes,*
*que a fouza no-abranguen,*
*i a súa, ben feita,*
*non fan dunha vez...!*

*Sabendo que o mundo*
*n'é foro de nadia,*
*i «en todo para todos»*
*quiñón debe haber,*
*¿qué agardan os probes,*
*que a fouza no-abranguen,*
*i a súa, ben feita,*
*non fan dunha vez...!*



Leiras Pulpeiro só publicou en vida un libro de poemas titulado *Cantares gallegos*

## Antero de Quental



Antonio Noriega Varela recibiu a influencia da Escola nova de Antero de Quental

→ A poesía de Antonio Noriega Varela recibiu a influencia da Nova Escola de Antero Tarquínio de Quental (1842-1891), un pensador e poeta portugués considerado un dos alicerces da renovación da literatura lusa polo seu compromiso social.

Quental era seguidor de Proudhon, participou na fundación do movemento obreiro portugués e tiña unha orientación política socialista. Ademais, traballou activamente no que se deu en chamar a *Questão Coimbra*, una polémica que tivo lugar entre os poetas mozos do país que se enfrontaban á xeración anterior representantes do romanticismo historicista e que significou un símbolo na renovación ideolóxica lusa. Cando vivía en Lisboa foi un dos fundadores do grupo de orientacións políticas e literarias chamado Cenáculo, xunto con Teófilo Braga e Eça de Queirós. Coa meta de concienciar á sociedade portuguesa da necesidade de modernización, o Cenáculo celebraba

reunións que tiñan lugar no Casino lisboeta e que serían coñecidas como as Conferencias democráticas ou do casino. Acabaron sendo prohibidas.

Na súa obra diferéncianse dúas etapas: a primeira, máis romántica, baseada no socialismo utópico, e a segunda, marcada



Antero de Quental foi considerado clave na renovación da literatura portuguesa

polos pensadores pesimistas alemáns. As súas primeiras publicacións foron o poemario *Primaveras románticas* e *Odas modernas*. E da súa segunda etapa destaca *Sonetos e raios de extinta luz*, publicada despois da súa morte.

*Vai-te na aza negra da desgraça,*
*pensamento de amor, sombra d'uma hora,*
*que abracei com delírio, vai-te, embora,*
*como nuvem que o vento impele... e passa.*

*Que arrojemos de nós quem mais se abraça,*
*com mais ancia, á nossa alma! e quem devora*
*d'essa alma o sangue, com que vigora,*
*como amigo comungue á mesma taça!*

*Que seja sonho apenas a esperança,*
*enquanto a dor eternamente assiste.*
*E só engano nunca a desventura!*


*Se era silêncio sofrer fora vingança!..*
*envolve-te em ti mesma, ó alma triste,*
*talvez sem esperança haja ventura!*

DESESPERANÇA, SONETOS

## 2.2. Antonio Noriega Varela

**No ano 1969, Antonio Noriega Varela foi o homenaxeado o día das Letras Galegas.**

Natural de Mondoñedo (1869-1947), onde cursou estudos eclesiásticos no seminario da vila, acabou dedicándose á docencia. Foi mestre en Foz (onde coñeceu a Vilar Ponte e entrou en contacto co movemento agrario que abanderaba Basilio Álvarez) e, en Trasalba, preto de Ourense, neste caso represaliado polas súas actividades políticas




Portada da obra de Noriega Varela *Do ermo* ilustrada por Castelao. Fundación Vicente Risco



Antonio Noriega Varela era natural de Mondoñedo

anticaciquís. Aquí coñeceu aos integrantes do grupo Nós, aos que lles unirá unha moi boa relación. É autor, en realidade, dun único libro, *Montañesas* (1904), que aparecerá con outro nome, *Do ermo*, e con algúns poemas inéditos, como última e definitiva edición en 1946. O poeta morrerá ao ano seguinte. A súa poesía está moi preto de *Cantares gallegos* de Rosalía, pola súa liña costumista e os seus cadros do mundo rural, aínda que na súa última etapa deixouse influír pola estética e coidada expresión da Escola nova portuguesa de Antero de Quental, e polos poetas saudosistas lusos, como Teixeira de Pascoes. Pero será sempre o poeta das cousas sinxelas e pequenas, do humilde e cotián. Velaquí dous exemplos:

**Nus farrapos...**

*Nus farrapos envolto, ¡meu neniño!,*
*unha vella topouno nun camiño;*
*rapaz, morou nas fragas recadado,*
*en compaña dun can, gardando o gado;*
*mozo, picou prá guerra, frente a frente*
*da morte non tremeu, era valente;*
*bateuse co enemigo de tal xeito*

*que loitou moitas veces peito a peito.*
*Sin cruces, nin galós, no chau tirado*
*dun balazo morreu, ¡probe soldado!*

*A vella que o criou está tullida:*
*naide máis o recorda nesta vida!*

(Montañesas)

**No carro**

*Vai alto o sol: pousa a cesta,*
*bubeliña da montaña;*
*máis feliz que o Rei de España*
*son eu ó pé desta xesta.*

*Talla lacón. ¡Viva a festa*
*de San Cosme... Daca o xarro*
*e si a empalma teu bizarro*
*labrego... ¡aturuxa forte!,*
*que teño dous bois na corte*
*para me levaren no carro.*

(Do ermo)


## 2.3. Gonzalo López Abente

**O día das Letras Galegas do ano 1971 estivo dedicado a López Abente.**

Natural de Muxía, vivirá na súa terra toda a vida e a ela, ás súas paisaxes e a ese mar bravo que a rodea, dedicará moitas páxinas, tanto líricas como narrativas, pois cultivou ambos os dous xéneros.

A súa produción poética concrétase en seis libros. Os primeiros, *Escumas da ribeira*, *Alento de raza* e *De outono*, conteñen unha lírica amorosa combinada con poemas de loita, cunha gran carga social e con trazos modernistas, moi na liña da poesía de Cabanillas. En 1929 publicou *Nemancos* e en 1958 *Cintileos nas ondas*, unha homenaxe ao mundo natural da súa terra e do seu misterioso mar. A súa poesía perde retoricidade e gaña en intimismo.

Portada de *Escumas da ribeira*, de López Abente, editada por Imprenta Juan Pérez Torres ao redor de 1919




Tamén escribiu prosa, en concreto cultivou a novela curta, case sempre de ambiente mariñeiro. E unha obra teatral titulada *María Rosa* (1928).







Detalles da obra *Da vella roseira*, de Victoriano Taibo (1925)

## 2.4. Victoriano Taibo

Naceu en Santiago (1885), percorreu distintos pobos de Galicia como mestre de escola e morreu en Vigo (1966).


Como poeta foi un fiel discípulo de Cabanillas, ao que seguiu na súa combinación de intimismo lírico coa poesía máis de loita e denuncia. O seu primeiro libro de *Abrente* (1922) e o segundo, *Da vella roseira* (1925), está dedicado a Cabanillas e na liña da súa poesía.

Tamén é autor dun libro de contos de estilo tradicional e popular, *Da agra aberta* (1956).

## 2.5. Francisca Herrera

**Foi homenaxeada coa dedicación á súa memoria do día das Letras Galegas de 1987.**

Francisca Herrera publicou en 1915 *Almas de muller... ¡Volallas n'a luz!*




A chegada de Francisca Herrera (A Coruña, 1869-1950) ao mundo da literatura é tardía, xa que o seu primeiro libro, *Sorrisas e bágoas*, data de 1913. Coma se a inspiración poética chegase tarde, pero de forma moi intensa, publicará outros dous libros nun curto espazo de tempo: *Almas de muller...¡Volallas n'a luz!* (1915), e *Frores do noso paxareco* (1919).

Na súa poesía é moi notoria a influencia de Rosalía de Castro, e serán as mulleres, especialmente as do mundo rural, as protagonistas de moitos dos seus poemas.

Tamén escribiu algunhas obras en prosa, entre as que se podería citar *Martes d'Antroido* (1925).

## Francisca Herrera, a primeira muller na Academia



Francisca Herrera faleceu sin poder ler o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega

→ Francisca Herrera Garrido foi a primeira muller elixida membro numerario da Real Academia Galega en 1945, pero desgraciadamente faleceu sen poder dar lectura ao discurso de ingreso na RAG. Aínda así considérase igualmente académica. Tanto o discurso de ingreso como a contestación estaban preparados para a súa lectura.

• **Fragmento do discurso** que Francisca Herrera preparou antes de falecer para o acto do seu ingreso na Real Academia, que non chegou a celebrarse: «¡Los poetas *de raza*!... ¡Esos no mueren, se duermen en los brazos de la Virgen! ¡Nuestros poetas gallegos!..., Virgen de Cadeseda: Tú les has sorprendido, en el amanecer, mirando tus luceros, la estrella que guioles, una noche serena, camino de Santiago: ¡*Campus Stella*! Todos, señores académicos, amamos, con pasión, a nuestra tierra; ¡Ah; pero nuestra meiga *Galiciña* juró no descansar, hasta gozar del Cielo, un premio único; el de llevar

consigo, a la otra vida, ¡allá en el corazón!... ¡hondo!, ¡muy hondo!, el Divino cantar, el Divino sentir de sus poetas ¡Nuestro Cristo D'Ourense, nos recogerá allá, mansos, contritos... y en horas de nuestras fuliadas, hará abrir un portelo, pequeniño, para que llegue al alma el suave dulzor, electrizante, de nuestra gaita, única!»

Páxina de *A Nosa Terra* que recolle un artigo sobre a obra de Francisca Herrera, *Martes d'Antroido*

A NOSA TERRA

"LAR"

Martes de Antroido - Francisca Herrera Garrido

O DIA DE GALICIA
REAPARECERÁ A REVISTA
NÓS
ÓRGANO DA CULTURA GALEGA
e seguirá saindo con toda regularidade o día 15 de cada mes
DIREITOR LITERARIO,
VICENTE RISCO
DIREITOR ARTISTICO,
ALFONSO CASTELAO
Adeministración: Real 36-1.º
A CRUÑA
Suscrición a 12 números 6 ptas.

- **Fragmento do discurso** de benvida á Academia de Antonio Couceiro Freijomil a Francisca Herrera,que nunca chegaría a pronunciarse en público: «Correspóndeme, por designación de la Real Academia Gallega, el alto honor de dar la bienvenida al nuevo miembro de número de este cuerpo literario, Sta. Francisca Herrera Garrido, significada representación de las letras regionales, que viene a ocupar el puesto dejado vacante por otra relevante figura de la poesía galaica: Don Lisardo Barreiro».

## 2.6. Ramón Cabanillas




Retrato de Cabanillas feito por Pacheco en 1925. Arquivo da Real Academia Galega

**A el foi dedicado o Día das Letras Galegas do ano 1976.**

Natural de Cambados (1876-1959), podemos consideralo como o poeta que fai o tránsito entre a poesía decimonónica e a vangardista. En realidade, está máis preto dos homes do grupo Nós que dos de xeracións anteriores. Realmente, e dada a súa lonxevidade, a poesía de Cabanillas vai recibindo influencias de tempos e escolas diferentes sen deixar de ser nunca propia e persoal. Podemos falar, pois, de varias etapas na súa traxectoria poética:

#### 1ª: Etapa inicial e de formación.

É a época da súa estancia en Cuba, como emigrante, onde publicará *No desterro. Visións galegas* (1913), un libro de estética modernista, cun ton moi social e anticaciquil, polo que será saudado como o sucesor de Curros Enríquez. Tamén na Habana publicará *Vento mareiro* (1915), libro de ton semellante ao anterior. Neste ano regresa a Galicia.




Edición de *Vento Mareiro* para a editorial Galatea, ilustrada por Castelao

## CAMIÑO LONGO

*Camiño, camiño longo,*
*camiño da miña vida,*
*escuro e triste de noite,*
*e triste e escuro de día...*
*camiño longo*
*da miña vida!*

*Vereda, vereda torta*
*en duras laxes aberta,*
*arrodeada de toxos,*
*crebada polas lameiras...*
*vereda torta,*
*ti onde me levas!*

*Camiño, camiño longo.*
*A choiva, a neve e as silvas*
*enchéronme de friaxe,*
*cubríronme de feridas...*
*camiño longo*
*da miña vida!*

*Vereda, vereda fonda*
*de fontes tristes, sen auga;*
*sen carballos que dean sombra,*
*nin chouzas que dean pousada...*
*vereda fonda,*
*ti cando acabas!*

RAMÓN CABANILLAS (VENTO MAREIRO, 1915)

Antigo despacho de Cabanillas na súa casa natal de Cambados, que hoxe é un museo




**2ª: ETAPA CENTRAL E DE MADUREZ.**

Coa súa terceira obra, *Da terra asoballada* (1917), pódese observar un cambio estético na súa poesía: a perfecta conxugación dunha finura lírica indubidable coa voz recia e potente do poeta civil e reivindicativo que xa non deixará de ser. En 1920 ingresa na Real Academia Galega e convértese no poeta máis representativo de Galicia e da causa galega. Un exemplo desta liña poética pode ser este poema da súa obra *Da terra asoballada*:



En *Da terra asoballada*, prodúcese un cambio na súa poesía que terá unha voz máis reivindicativa

*¡Irmáns! En pé, sereos,*
*a limpa frente erguida,*
*envoltos na brancura*
*da luz que cai de riba,*
*o corazón aberto*
*a toda verba amiga,*
*e nunha man a fouce*
*e noutra man a oliva,*
*arredor da bandeira azul e branca,*
*arredor da bandeira da Galicia,*
*¡cantémo-lo dereito*
*a libre nova vida!*
*[..................]*




Retrato de estudio de Ramón Cabanillas dedicado por el mesmo. Arquivo da RAG

En 1926, Cabanillas publica *Na noite estrelecida*, un conxunto de tres longos poemas (*Sagas*, as denominou o poeta) nos que rescata para a tradición galega o tema artúrico, na liña da ascendente corrente de celtismo que percorría o mundo intelectual galego, en cuxo inicio había que situar ao bardo Pondal. Eses tres poemas están escritos en series de pareados alexandrinos, mesturados con romances, que tratan sobre temas da mítica Bretaña. Levan por títulos, respectivamente: *A espada Escalibor, O cabaleiro do Sant Graal* e *O soño do Rei Artur*. Vexamos como exemplo deste tipo de poesía un fragmento deste último poema:

*Os vellos servidores e os nobres fazañosos*
*escoitan ó Rei santo trementes e chorosos*
*e un sopro de misterio de iñorada fragancia*
*bica os frentes reiales, revoando na estancia.*
*¡Galahaz, docemente, diante do Rei axoella*
*e lle amostra dos ollos a esmeralda onde espella*
*crara, fúlxida, viva, con ardor de luceiro,*
*a visión miragrosa do día do Cebreiro:*
*o cáliz que lampexa fulgor de eternidade*
*e a pomba renascente da diviña Saudade!*

(Na noite estrelecida)




Edición publicada por Mondariz en 1927 de *A rosa de cen follas. Breviario dun amor*

Cabanillas cultiva, pois, unha «estética celta», buscando unha temática de exaltación dun pasado glorioso para o pobo galego, na liña de Pondal. A diferenza entre ambos estriba en que para este os celtas eran a auténtica historia de Galicia, mentres que para Cabanillas os celtas son un mito no que centrar a singularidade do pobo galego.

Desta época é tamén o seu seguinte libro, *A rosa de cen follas. Breviario dun amor* (1927), no que predomina a voz lírica, que canta ao amor nunha liña

rosaliana e becqueriana polo seu intimismo e pola sinxeleza de expresión e limpeza de estilo.

3ª: Etapa da segunda madurez, despois do silencio da Guerra Civil.

O poeta combativo doutros tempos dá paso a outra voz máis persoal e intimista, a unha poesía

Homenaxe de Cantigas da Terra a Cabanillas na Coruña (1951)






*Retrato de Ramón Cabanillas,* óleo de Isaac Díaz Pardo (1945) doado á Real Academia Galega

reflexiva e ata filosófica, con apuntes existencialistas. *Da miña zanfoña* (1954) e o longo poema *Samos* (1958) –dedicado ao mosteiro do mesmo nome– son os libros máis representativos da súa produción lírica deste momento. Tamén foi membro da Real Academia da Lingua Española, na que ingresou cun discurso sobre o seu gran mestre e referente poético Eduardo Pondal.

### Teatro

Ramón Cabanillas é, así mesmo, autor dun drama de corte romántico en verso: *O Mariscal* (1926) escrito coa colaboración de Vilar Ponte, sobre a figura de Pardo de Cela, o nobre decapitado en Mondoñedo en 1483 e que quedou para o culto popular como símbolo da resistencia galega fronte á política dos Reis Católicos. É moi interesante o prólogo que escribe Vilar Ponte, porque nel invita ao lector a valorar a forza do mito, como alimento espiritual fronte ao doado esquecemento da historia. Interesa,




Sinatura do Poeta da Raza, nun libro dedicado por el en 1920

ademais, levantar mitos propios fronte aos mitos divulgados pola cultura centralizadora, e este será un dos fins que se impón este tipo de literatura.

Tamén escribiu teatro en prosa, como *A man da Santiña* (1921), escrito para a primeira representación do Conservatorio Nacional de Arte Galega, creado polas Irmandades da Fala da Coruña e colaborou en proxectos escénicos, farsas populares, etcétera. Foi un home sempre entregado a colaborar, con dedicación e gran sensibilidade, en tarefas literarias e en proxectos que tivesen como fin culturizar e mellorar a educación literaria do seu pobo.

Fachada da Casa-museo de Ramón Cabanillas en Cambados



### Prosa

Aínda que a súa obra é fundamentalmente poética, Cabanillas tamén escribiu prosa. O libro máis importante é *Antífona da cantiga* (1951), o primeiro título que publicou a editorial Galaxia. É unha antoloxía de cancións populares, cun extenso prólogo do propio Cabanillas no que o escritor fai un aceso encomio da poesía popular.

## Ramón Cabanillas, poeta da Raza

→ Ramón Cabanillas (Cambados 1876-1959) sería coñecido como o Poeta da Raza, pola defensa que fixo de Galicia e do galego. Participou nas Irmandades da Fala e no Seminario de Estudos Galegos, no que fixo o seu ingreso co discurso *As romaxes de Nosa Señora da Franqueira. Apuntes dun ofrecido.* Ademais, tamén formou parte da Real Academia Galega, na que se estreou co texto *A saudade nos poetas galegos* (1920); e da Real Academia Española, cuxo discurso de ingreso tiña como protagonista central a figura de Eduardo Pondal (1929).

Estudou no seminario de San Martiño Pinario, en Santiago, e en Cambados comezaría a exercer como notario e despois como secretario do concello. Casou con Eudoxia Álvarez, pero marchou só a Cuba en 1910. Na Habana foi contable de comercio e administrador do Teatro Nacional, propiedade do Centro Gallego, para o que dirixiu o boletín *El Centro* e

redactou os novos. Volveu a Cambados en 1912, onde estaba a súa esposa. Esta experiencia da emigración marcou a traxectoria de Cabanillas, que empezou a escribir en galego e amosouse próximo ao agrarismo. Uns meses despois volveu a

Ramón Cabanillas ingresou na Real Academia Galega en 1920. Na imaxe, participando nunha xunta ordinaria da RAG en 1942



Cuba e alí publicou o seu primeiro poema, na revista *Suevia* (*Lonxe*, 1910) e o seu primeiro libro, *No desterro* (1913). Despois de dous anos regresou a España e comezou a exercer como secretario do Concello de Mos (1916-1924); participou activamente na vida cultural e política da época, ata o punto de figurar como candidato para a Asemblea Constituínte en 1931.

Sete anos despois da súa incorporación á Real Academia Española, que o fai ir vivir a Madrid, estala a Guerra Civil. Da capital trasladouse a Valencia, onde se encontrou con Castelao. En 1937 volveu a Cambados e traballou como secretario de distintas vilas galegas (Silleda, Moaña, Meaño, Meis e Dozón). De novo en Madrid, organizou unha tertulia no café Lyon d'Or e acabou volvendo a Cambados á fin da súa vida.

En 1976 a Real Academia Galega dedicoulle o Día das Letras Galegas ao Poeta da Raza e, con motivo do cincuenta aniversario da súa morte, o 2009 foi nomeado pola Xunta de Galicia Ano Cabanillas.*




XACOBEO 2010
Galicia


XUNTA
DE GALICIA

